Publirreportaxe da
Área de Cultura da
Deputación de Lugo
Quinta feira
14 de xullo de 2016
Número 147

SERMOS GALIZA

DEPUTACIÓN DE LUGO
Cultura

A FONDO

Tradescola, a escola de música tradicional

A Asociación de Gaiteir@s Galeg@s (AGG) creaba en novembro de 2008 a Tradescola, unha escola de música tradicional especializada cun obxectivo claro: buscar a formación integral para todos e todas aquelas que queren achegarse á música tradicional. A Tradescola, que lle permite ao alumnado adquirir unha formación integral na música e mais no baile, ofrece tamén cursiños monográficos e outras actividades vencelladas coa difusión da cultura galega. Podes coñecela nestas páxinas!

AGG
Branca Villares
Carme López
Carlos Fernández
Xermán Arias
Bruno Villamor
Adrián Ferro

A Tradescola: educar a través da nosa música

As nosas tradicións forman parte da nosa riqueza cultural e é o noso deber como pobo conservalas e dalas a coñecer. Conscientes disto, a Asociación de Gaiteir@s Galeg@s (AGG), como entidade sen ánimo de lucro que traballa en prol da cultura tradicional galega dende o ano 1988, comprendeu a necesidade de apostar pola educación como un dos piares fundamentais para a conservación, coñecemento e divulgación da nosa música.

Asociación de Gaiteir@s Galeg@s

Froito da necesidade de apostar pola educación como base para a conservación, promoción e espallamento da nosa música comezouse a artellar o proxecto que, logo de varios anos de traballo por parte da AGG, remataría materializándose, co apoio económico da Área de Cultura da Deputación de Lugo e cesión de locais por parte da Xunta de Galicia, coa implantación na cidade de Lugo da TRADESCOLA, un centro de formación especializado no estudo da música e o baile tradicional galego no que se imparten aulas de calidade das diversas expresións da nosa cultura tradicional a través das cales se quere contribuír a fomentar unha maior normalización da preservación das nosas tradicións, sendo as materias que se imparten: zanfona, acordeón, baile tradicional, gaita, requinta, canto e pandeireta, técnica vocal, percusión, linguaxe musical e aulas específicas para os máis pequenos.

Desde os seus inicios, a Tradescola marcouse como un dos seus principais obxectivos ofrecer unha ensinanza de calidade, por iso o seu equipo docente confórmano mestres de gran prestixio que garanten que o alumnado poida acadar coñecementos suficientes para chegar, se así o desexa, á profesionalización, xa sexa no campo do ensino ou como músicos profesionais. Estes mestres son na actualidade: Luis Correa "O Caruncho", Xerardo Quintela, Xabier Iglesias, Cristina de Castro, Bruno Villamor, Jose Manuel López, Xela Conde, Branca Villares, Xose Lois Romero e Mª Carmen Saborido. Outros mestres que tamén impartiron clase na Tradescola foron: Uxía Cribeiro, Mª Luisa da Pereira, Emilio Mesías, Montserrat Rivera, Begoña Lorenzo ou Andrés Penabad, Pedro David Lamas ou Pablo Carpintero, todos eles recoñecidos profesionais que contan cun dilatado currículo, como músicos e como docentes, dentro da música tradicional galega.

O EQUIPO DOCENTE ESTÁ FORMADO POR MESTRES DE RECOÑECIDO PRESTIXIO

En canto ao alumnado, a Tradescola conta con máis de 250 alumn@s matriculados anualmente, distintas xeracións que conviven en harmonía unidos polo amor ás nosas tradicións. A maior parte d@s alumn@s son residentes na cidade de Lugo, pero tamén asiste ás aulas alumnado de distintas comarcas da provincia, e incluso de outros lugares de Galiza. Cabe destacar que entre un 30% e un 40% é alumnado infantil, algo moi importante para a Tradescola, xa que estes novos músicos e bailadores serán os que xoguen un papel básico no futuro das nosas tradicións, da nosa música, canto e baile e como non, tamén da nosa lingua. Dende a Tradescola trabállase a reo para poder transmitir os coñecementos das nosas tradicións da mellor maneira posible ás novas xeracións, para que saiban conservalos, respectalos e poñelos en valor.

Actividades extra escolares

A maiores das aulas que se imparten

A Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, consciente da necesidade de apostar na educación para conservar, coñecer e divulgar a nosa música, deu a luz a Tradescola en 2008.

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura

no centro, coa intención de complementar a formación do alumnado, a Tradescola realiza monográficos, concertos didácticos, charlas e presentacións de novas publicacións. Así mesmo tamén leva a cabo outras actividades relacionadas coa difusión da cultura tradicional como conferencias, exposicións, certames, obradoiros...tanto na cidade de Lugo como a través de distintas accións formativas no resto de comarcas da provincia incrementando deste xeito a presenza da nosa cultura tradicional na sociedade actual.

Co paso do tempo e a través destas actividades que se iniciaron coa posta en marcha da Tradescola no ano 2008, fíxose posible que miles de escolares de concellos como Ribadeo, Monforte, Vilalba, Sarria, Chantada, Mondoñedo, Lugo, Viveiro, Pastoriza, Cervantes, A Pobra do Brollón, Guntín, Begonte, Guitiriz, Escairón, Monterroso ou A Fonsagrada,... entre outros, se achegaran á música tradicional e coñeceran de primeira man os sons dos nosos instrumentos.

A Tradescola cumpre así, nestes 8 anos de vida, cos seus obxectivos de ofrecer formación a todas as persoas interesadas na cultura tradicional e de colaborar con asociacións de toda a provincia, a través da realización das distintas actividades relacionadas co ensino da música e do baile tradicional que se organizan asiduamente, actividades que materializan unha vella aspiración dos amantes da música e do baile tradicional, permitindo abordar gran parte de todo ese patrimonio inmaterial, incidindo e estudando moitas das disciplinas que forman parte deste legado.

Nestes últimos anos, séguese traballando para impartir unha formación actualizada no campo da música e do baile tradicional, proporcionando coñecementos que transmitan pautas de análise da dimensión social que ten a nosa cultura e transmitindo ao alumnado a necesidade de manterse informados sobre a realidade diaria, ademais de continuar aprendendo e actualizando a súa formación neste campo.

A Tradescola segue buscando xeitos de mellora e novos obxectivos, por iso de cara aos vindeiros cursos estase a ampliar o proxecto coa creación dun novo itinerario, que contará cun plan de estudos estruturado que lle permita ao alumnado adquirir unha formación integral.

A FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO É A LIÑA A SEGUIR NOS PRÓXIMOS CURSOS

Este novo plan, que será paralelo ao xa existente no que o alumnado estuda únicamente as materias nas que está interesado, virá a complementar as ensinanzas impartidas na Tradescola, ofertando esta nova modalidade na que @s alumn@s acadarán coñecementos de distintas disciplinas para chegar, se así o desexan, á profesionalización.

Na parte superior, un momento da fin do curso 2016. Na parte inferior, obradoiro de pandeiro na Tradescola.

O pobo que canta

O canto, asociado á percusión

O canto tradicional galego é unha das actividades máis demandadas dentro da Tradescola. Dado que a voz é o noso principal instrumento, o primeiro que usamos e controlamos, é natural que así sexa. Alén disto está a socialización: o sentimento de comunidade que se xera e afianza ao compartir as melodías, bater, repetir e improvisar latexando xuntos.

Branca Villares

O tándem canto-pandeireta, ademais de ser asociación que de vello se daba nas nosas foliadas e polavilas, permítenos no ensino traballar conxuntamente ritmos e melodías, e ir debullando en base a diferente repertorio as modalidades presentes na nosa tradición. Podemos dicir que a pandeireta é, xunto coa gaita, a tarxeta de presentación de portas para fóra para quen busca introducirse na nosa tradición musical. Por fortuna, a día de hoxe entendemos, apreciamos e queremos aprender outros instrumentos de percusión de diferentes sonoridades e timbres, e así os ensinamos na Tradescola:

Pandeiro: Está a vivir un rexurdimento na súa visualización e estudo, tal como tempo atrás experimentou a pandeireta. A día de hoxe son moit@s @s tocadores e tocadoras que demandan o seu aprendizaxe. Cun repertorio propio e técnicas diferentes segundo o que foi chegando a nós (que por certo, foi bastante pouco tendo en conta a presenza que o instrumento debeu ter), preséntasenos como unha alternativa sonora interesante á hora de combinar cos outros, e tamén (por que non dicilo) máis agradecido en cuestión de volume para cantar.

Pandeira: Propia da montaña luguesa, más presente noutrora por outros espazos da nosa xeografía, tamén ten repertorio e ritmos propios. O seu estudo e práctica permítenos achegarnos á tradición musical asturiana, cántabra e leonesa. En todo caso, merece estudo de seu e é de xustiza darlle o lugar que corresponde nos nosos repertorios.

Percusións miúdas: Acompañaron tradicionalmente ao canto e aos instrumentos antes mencionados: cunchas, tarrañolas, tixolas e potas, culleres e latas, caniñas, vasoiras, leghóns...elementos habituais ou xoguetes musicais ao alcance de tod@s nos contextos onde se conservou a nosa música. Todos eles son válidos e valiosos á hora de ensinar ritmos para acompañar melodías...Vizosos abanos cromáticos e acústicos que podemos combinar e harmonizar.

Se ben é importante todo este canto asociado a toques de percusión, pensando sobre todo no baile, na Tradescola entendemos que o canto tradicional ten outras múltiples manifestacións que tentamos amosar ao alumnado, pois contextualizalas e estudalas achéganos á idiosincrasia das nosas xentes, e iso forma parte do ensino integral e do coñecemento da cultura propia.

O feito natural do cantar dáse (ou dábase) en moitas circunstancias da vida, non sempre asociado ás festas e reunións, e todas merecen un lugar no ensino, pois levan intrínsecas distintas técnicas de respiración e colocación ou ornamentación, posto que son variadas as emocións que as espertan. Cantábase arrolando unha crianza, roldando amores, segando e colleitando, loubando un santo ou santa, xogando ás cartas, mazando o liño/leite, velando alguén falecido, picando pedra, arrodeando os maios, andando os camiños... pequenos grandes xéneros que completan o noso ciclo anual e vital. Cantar ao amor e ao desamor, aos desdén e á envexa, á saudade, cantar para narrar novas e historias que encerran ensinanzas, cantar para aprender nomes de paxaros, camiños de aldeas e lugares, pregos e loubanzas... cantar para vivir e vivir cantando. Cantar ad libitum, con métricas rutineiras ou amalgamas rítmicas sorprendentes.

Coñecendo estas bases e modalidades nas que se asenta o noso canto, e habituando @s alumn@s a consultar ás fontes (as vivas, as bibliográficas, os documentos audiovisuais de recollida...) podemos e debemos nas escolas comezar a regueifar, improvisar, variar e arranxar ao noso xeito. Entendemos que a tradición está feita de pezas de autor, repetidas, variadas e aceitadas polo conxunto da xente que as mantivo vivas. Logo, xogar coa nosa música é parte da aprendizaxe, pois parte é tamén do proceso de transmisión e pervivencia.

Tamén irmandar a voz cos outros instrumentos melódicos, e as diferentes conxugacións que poden resultar, como antano se facía ou como nos preste facer: acompañar as gaitas nunha foliada, co acordeón, acompañando de xeito natural a zanfonas ou violín nos seus cantares e romances, cantar a media voz acompañando frautas e requintos ou cantar a peito acompañad@s da gaita nunha tonada.

Os papeis fundamentais da Tradescola

Entendemos na AGG e na Tradescola que temos que xogar dous papeis fundamentais:

Por unha banda queremos dotar de estrutura e rigor o ensino da nosa tradición musical, que perseguimos co noso modelo de ensino interdisciplinar e integral.

Por outra, pretendemos aproveitar as sinerxias creadas na propia escola para atopar novas formas de difundir a nosa tradición musical, novos xeitos de achegar ó seu aprendizaxe á poboación e crear/aproveitar espazos na cidade (e por ende, no país) para normalizar a práctica da nosa Cultura. Con maiúsculas.

Branca Villares é mestra da Aula de Canto tradicional da Tradescola.

Imaxes de diversas actividades da fin de curso deste 2016.

DEPUTACIÓN DE LUGO
Cultura

«Podemos fachendear de que temos unha música ***tradicional viva e rica»***

Xaneco, presidente da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, é o fundador do proxecto Tradescola e cóntanos os seus comezos. Baseada nas asociacións culturais e pensada para encher a falta de diversidadade nas escolas musicais, a Tradescola xurdiu en 2008 co obxectivo de unir a xente coa música tradicional galega e formar non só músicos e músicas, senón tamén amantes do folclore tradicional galego.

Adrián Ferro

Cal é a raíz da Tradescola e como son os comezos?
A Tradescola nace por un proxecto de escola de música tradicional, pensando que a Asociación de Gaiteiros tiña que dar un salto educativo desde a visión da xunta directiva. É un proxecto de formación integral na música tradicional onde o obxectivo final non é tocar nun grupo ou ter unha representación folclórica, senón que é, máis aló do coñecemento integral do que representa o instrumento que vas a tocar, ter unha visión ampla da formación da música tradicional, a súa historia, o seu porqué e a necesidade de que siga a ter un espazo na nosa sociedade no século XXI.

As clases van destinadas á formación de profesionais ou tamén cara á iniciación de afeccionados?
Cando elaboramos o proxecto vimos claro que ten que haber os dous aspectos. Hai quen quere chegar á música tradicional desde que se xubilou ou quen neste momento ten tempo e antes non co único obxectivo de achegarse á música e tocar unhas pezas para pasalo ben na súa vida particular. Iso está cuberto. Mais hai quen quere formarse para adquirir o maior coñecemento posíbel e mesmo que poida ser un modo de vida, ben sexa dando clases, ben sexa tocando ou divulgando, e iso tamén o cubrimos. Por exemplo este ano imos lanzar un itinerario profesional dividido en cursos e materias. A finalización do curso conlevará unha titulación, aínda que non está homologada pola Xunta.

> "HAI QUE COÑECER A NECESIDADE DE QUE A MÚSICA TRADICIONAL SIGA A TER UN ESPAZO NA NOSA SOCIEDADE"

Súmanse diferentes disciplinas musicais e mesmo hai formación teórica. É un modelo novo ou hai máis escolas deste tipo?
Nós partimos da experiencia de todos os membros da directiva entre os que estamos artesáns e profesores que levamos desde nenos observando todo o que se fai no país e todos procedemos da aprendizaxe en asociacións culturais e a elas hailles que recoñecer o labor de protexer e espallar a música tradicional. Nas asociacións trabállase con moita vontade pero con poucos medios. Nós formulamos isto como un complemento ao seu traballo. En poucas asociacións teñen a capacidade de reunir profesores que dean todas as disciplinas que existen na música tradicional: zanfona, requinta, gaita, percusión, técnica vocal,canto tradicional, pandeireta...

Agora, por exemplo, tedes un taller para crianzas. Cal é a importancia que se lle dá aos nenos e nenas na Tradescola?
Para nós son un punto moi importante dentro da Tradescola. De feito son os que teñen máis peso porcentual na matrícula. Eles e elas son o futuro e para nós é importantísimo que os nosos nenos teñan relación coa nosa música tradicional. Por desgraza no ensino oficial non sempre os nenos se achegan á música a través da tradicional. Moitas veces as programacións están feitas fóra e os libriños de música dos nenos non a inclúen. A música é unha forma de expresión humana universal. No noso país é o xeito de expresión máis potente. Podemos fachendear de que temos unha música tradicional viva e rica e hai moito rapaz e moita xente nova que se achega á tradicional cando noutros lugares os cativos se achegan máis ao rock ou a músicas máis contemporáneas. Cando a música che entra dende cativo, se non acabas dedicándote a ela, como mínimo vas ser un consumidor.

Adrián Ferro é xornalista.

Xaneco é o presidente da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s.
Foto: Yolanda Purriños.

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura

O alumnado escribe

Unha alumna e dous alumnos da Tradescola transmiten as súas experiencias

Escolas sobre tradición oral

Carme López

A existencia de escolas que oferten ensinanzas sobre música tradicional é, hoxe en día, unha necesidade para a súa pervivencia. A antiga transmisión oral, como medio de aprendizaxe e divulgación da cultura en xeral e da música en particular, é un feito que na actualidade apenas se produce xa que, sen dúbida, os medios de comunicación e a revolución da internet tamén afectaron ás nosas tradicións e aos seus medios naturais de difusión.

A nivel concreto, podo dicir que os músicos e músicas da miña xeración apenas tivemos contacto con eses vellos gaiteiros ou cantareiras que foron protagonistas do pasado recente da nosa música tradicional, nembargantes, o noso coñecemento vén dado por uns intermediarios que co papel de mestre trouxeron ata nós toda esa bagaxe musical.

Por este motivo, nos oito anos de vida nos que a Tradescola leva funcionando na cidade de Lugo, converteuse nun deses novos lugares onde a música tradicional se adapta ás características do seu contexto para seguir conservándose e evolucionando, adquirindo propiedades relacionadas coa música académica que se mesturan con outras propias de raíz mais popular.

Como a tradescola cambiou a miña vida

Carlos Fernández

Se cadra, o título semella unha esaxeración, pero cando remates de ler este texto, de seguro que te hei de convencer. Entrei na Tradescola hai oito anos, con canto e pandeireta. Só quería pandeireta, así que, cantar sería o prezo a pagar. Na primeira clase, preguntaron por que ía alí. A resposta era clara, quero ir de foliadas. Despois de oito anos a contestación sería a mesma. Grazas a Xela Conde podo afirmar que foliadas non me faltan e conseguiu algo case imposible, esquecer un trauma infantil.

A miña muller tocaba a gaita. Xa se sabe, os tempos modernos son así. "Aconselloume" tocar o tamboril para acompañala nos seus ensaios. Apúntome a percusión. Co grandísimo Xosé Lois Romero loito cada semana co coiro, as baquetas e os ritmos. A todo isto, a muller deixou a gaita. Cousas da vida.

Nunca me gustou bailar. E cando digo nunca, é nunca. Hai dous anos apunteime a baile tradicional. Cousas da vida. Para este reto, decidín poñerme en forma e perdín case 20 quilos. Así que, ademais dun bo profesor, unha excelente persoa, Xabi Iglesias podería ser un dos mellores dietistas do país.

Unha mágoa non saber algo de pandeiro ou pandeira, ¿non? Pois logo apúntome coa miña querida e admirada Branca Villares, cancións e fermosos toques da montaña todos os martes.

Non podo esquecer o máis importante de todo isto, os compañeiros e, sobre todo, as compañeiras que están na Tradescola. Con algunhas (e algúns) delas aprendín a gozar deses intres máxicos e íntimos que a música agasalla. Compartimos horas e horas de ensaios e foliadas para rematar formando Xaora, un conxunto de música tradicional do que podo dicir que é unhas das cousas máis bonitas que me teñen pasado nos últimos anos. Cousas da vida.

Nestes anos coñecín mestres excelentes, persoas que xa son parte da miña vida e perdín vinte quilos no camiño. Seguro que agora o título xa non semella tan exaxerado, non si?

Carme López é alumna da Aula de Requinta e Canto tradicional da Tradescola.

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura

Carlos Fernández é alumno das Aulas de Canto, Percusión e Baile tradicionais da Tradescola.

Imaxes da fin de curso deste ano.

Longa vida á Tradescola

Xermán Arias

Galiza atesoura unha riquísima tradición musical, a nosa música tradicional cóntase entre as mais diversas e importantes de Europa. É fundamental para a nosa cultura manter este legado e tamén seguir achegando novos elementos, porque non esquezamos que a tradición é algo vivo que se constrúe cada dia.

Das moitas facetas que a Tradescola leva a cabo a prol da música tradicional (posta en valor , divulgación, etc) destacaría unha que, na miña opinión, é imprescindible: A formación de novos músicos. A única maneira de que a música tradicional siga viva é que as novas xeracións a fagan súa, que aprendan os repertorios, as técnicas de interpretación e acheguen o seu gran de area nesta evolución infinita.

Como alumno de zanfona da Tradescola , o que me levou a apuntarme foi a posibilidade de utilizar a zanfona para acompañar o canto, algo que está na nosa tradición dende a época dos trobadores e que, por diversas razóns, se convertera en algo case anecdótico. Longa vida á Tradescola.

Un elo ao futuro

O profesor de gaita e requinta escribe sobre a súa vivencia

Bruno Villamor

Cando a finais do ano 2008 a directiva da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s me propuxo a posibilidade de incorporarme como mestre de gaita e requinta no que naquel intre sería o seu novo proxecto, a Tradescola, non dubidei en aceptar porque cría que este proxecto era moi necesario para a cidade de Lugo, primeiro por ampliar a oferta de centros de ensino da nosa cultura que xa existían na cidade e despois polo ambicioso obxectivo que se marcaba de converterse nun centro de referencia da nosa cultura no que integrantes doutras asociacións e formacións musicais puidesen mellorar a súa formación repercutindo así tamén no nivel e calidade dos músicos e bailadores de todas as comarcas de Lugo.

Dende a súa creación e rodeado dun elenco de recoñecidos mestres congréganse anualmente máis de duascentas cincuenta alumnas e alumnos de toda a xeografía galega (e de todas as idades) nun convívio arredor da cultura tradicional que augura un moi bo futuro para a nosa música e o noso baile.

O método de traballo escollido centrouse na posta en valor de toda a sabedoría popular recibida por transmisión oral dos nosos vellos mestres gaiteiros, cantareiros e bailadores. Esta valiosa herdanza achégase ao alumnado por medio de gravacións audiovisuais realizadas nunha morea de traballos de campo feitos por todo o persoal docente do centro, empregando para o seu estudo e ensino ferramentas que facilitan a aprendizaxe como é o caso da linguaxe musical. Outra fonte importante de información son os cancioneiros históricos como os publicados por Casto Sampedro, Ball y Gay, Inzenga, Dorothe Schubart...

Despois destes oito anos de traballo moitos dos obxectivos marcados no caderno de bitácora xa chegaron a bo porto: A Tradescola elevouse como un dos epicentros da cultura galega na cidade amurallada de Lugo, sendo un dos referentes, xunto coas históricas A Volta do Agro e Cántigas e Frores, no estudo, mantemento e divulgación da cultura tradicional galega centrando o seu campo de traballo na música e no baile tradicional; e dos obxectivos que aínda quedan por cumprir, os folgos e as ilusións son suficientes como para seguir traballando con forza para que a nosa cultura nunca esmoreza.

Na miña experiencia persoal, vivindo nunha cidade onde cada día ten menos peso a nosa lingua, e o amor cara á nosa cultura vai a menos (sentimentos especialmente dirixidos dende gran parte dos medios de comunicación e as regulacións do ensino), un séntese orgulloso e honrado de poder formar parte dun centro cultural como a Tradescola, no que poder compartir co alumnado unha mesma paixón. Dende o primeiro día, os alumnos souberon transmitirme unha forza e un amor polo noso que me axudou a encher un pouco máis de luz o meu apaixonado corazón galego, vendo que non quedou no esquecemento o esforzo que moitos e moitas galegas fixeron en anos moi complicados mantendo con vida a nosa lingua, a nosa música e o noso baile.

Xermán Arias é alumno da Aula de Zanfona da Tradescola.

Bruno Villamor é mestre de Gaita e Requinta na Tradescola.

DEPUTACIÓN DE LUGO
Cultura

FOTOGRAFÍA:
A Tradescola fomenta a música tradicional nas comarcas lucenses.

tradescola de Música Tradicional
Asociación de Gaiteiros Galegos

DEPUTACIÓN DE LUGO

Cultura